

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO***ANUNCIO da aprobación da oferta de emprego público para o ano 2012.*

Con data do 28 de decembro de 2012, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o seguinte acordo:

1. Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2012, integrada polas seguintes 19 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (12 prazas, dúas delas pola quenda libre).

Administrativo/a Administración xeral. Número de vacantes: 4. Grupo: C1. Escala: Administración xeral. Subescala: administrativa. Quenda de acceso: promoción interna.

Auxiliar Administración xeral. Número de vacantes: 5. Grupo: C2. Escala: Administración xeral. Subescala: auxiliar. Quenda de acceso: promoción interna.

Inspector/a auxiliar obras, servizos e infraestruturas. Número de vacantes: 1. Grupo: C2. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: cometidos especiais. Quenda de acceso: promoción interna.

Conductor/a bombeiro/a. Número de vacantes: 2. Grupo: C2. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: extinción de incendios. Quenda de acceso: libre.

b) Persoal laboral: 7 prazas pola quenda de promoción interna (1 de capataz e 6 de oficial de oficios).

Capataz. Número de prazas: 1. Quenda de acceso: promoción interna.

Oficial xardineiro. Número de prazas: 2. Quenda de acceso: promoción interna.

Oficial conductor. Número de prazas: 3. Quenda de acceso: promoción interna.

Oficial instalacións municipais. Número de prazas: 1. Quenda de acceso: promoción interna.



2. De conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, resérvase 1 praza (7 % das 2 prazas ofertadas pola quenda libre e das 17 reservadas para promoción interna) para persoas con discapacidade:

- Unha praza de auxiliar de Administración xeral, da quenda de promoción interna.

Vigo, 6 de xuño de 2013

Carlos López Font
Concelleiro delegado de Xestión Municipal

